



«LEDICIA»

Sociedade Cultural Recreativa «Leticia»
Rúa do Ril, n.º 4, Entrechan - Baixo
27880 – Burela (Lugo)
C.I.F.: G - 27.041.714
lediciasr@gmail.com

CONCURSO DE CARTEIS

A SOCIEDADE CULTURAL “LEDICIA” CONVOCA CONCURSO DE CARTEIS CO GALLO DA CELEBRACIÓN DA **XXXVIII FEIRA DO BONITO OS VINDEIROS 3 e 4 DE AGOSTO DE 2024** NA ZONA PORTUARIA DE BURELA (LUGO)

BASES

1. Convócase o concurso en dúas categorías:
 - **Categoría A:** concursantes ate 14 anos (incluídos)
 - **Categoría B:** concursantes maiores de 14 anos
2. Poden participar tódalas persoas que o desexen, con un ou varios traballos que se entregarán sen asinar e acompañados dun sobre pechado cos seus datos no interior indicando no exterior a categoría na que concursan.
3. O tema debe ter – necesariamente – relación co bonito e/ou co ensalzamento da Feira.
4. O encabezamento do traballo será **XXXVIII FEIRA DO BONITO**, e deben aparecer tamén o lugar e data de celebración **Burela 3 e 4 de agosto de 2024**.
5. A técnica a empregar é libre, pero os traballos que se presenten en soporte informático, deben acompañarse dun exemplar impreso. As medidas para os traballos son:
 - **Cat. A: 15 X 20 cm**
 - **Cat. B: 50 x 65 cm**
6. Os orixinais **poden entregarse ata o día 19 de Xuño de 2024** no local social da Sociedade Cultural LEDICIA – Rúa do Ril, 4 entr/baixo – 27880 – Burela:
 - de xeito persoal os mércores entre as 20:30 h e as 22:30 h
 - por correo, no enderezo antes reseñado
 - se non poidese acudir ao local, entregar a algunha persoa da xunta directiva
7. Premiarase un traballo por categoría: o gañador da **Categoría A** para o **programa de man**, e o da **Categoría B** para o **cartel anunciador da Feira**.
8. Os premios consistirán en obsequios representativos da Feira e serán entregados o propio día da celebración, e as persoas gañadoras serán convenientemente convocadas para o acto.
9. Tódolos orixinais quedarán en poder da S.C.R. Leticia.
10. A participación no concurso implica a aceptación destas bases.

GRAZAS POLA VOSA PARTICIPACIÓN!!!